

# CHARLA INFORMATIVA

## Elaboración e Implantación Do Plan de Igualdade nas Empresas

Data: Luns 17 de Febreiro. De 9:30 a 10:30 h.

Lugar: Sede da Asociación de Empresarios de Ferrolterra

Imparte: Promove, Consultoría e Formación SLNE.

### QUE É?



Un Plan de Igualdade é unha **ferramenta estratéxica** que permite á empresa mellorar a súa competitividade e comprometerse coa igualdade, aproveitando o potencial e o talento do persoal sen ningún tipo de discriminación.

Supón un **documento operativo** de traballo integrado por un conxunto de medidas que conforman unha unidade, e que responden á realidade e necesidades da empresa en materia de igualdade.

A administración pública considera positivo que as empresas teñan implantado un Plan de Igualdade, e contar coa certificación do mesmo é un aspecto que se valora en moitos **pregos de licitacións públicas**.

## 1. OBRIGATORIEDADE

O **Real Decreto-Lei 6/2019**, 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, establece:

**07/03/2020** obrigatorio para empresas de **máis de 150 traballadores/as**

**07/03/2021** obrigatorio para empresas **entre 101 e 150 traballadores/as**

**07/03/2022** obrigatorio para empresas **entre 50 e 100 traballadores/as**

## 2. BENEFICIOS

- **Preferencia na adxudicación de contratos das administracións públicas.** Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Nas **subvencións públicas**, cumprir os requisitos sobre implementación das políticas de igualdade que se poidan fixar nas bases reguladoras.
- **Mellorar a imaxe e recoñecemento social** tanto a nivel interno (co persoal) como externo (nas súas relacións con outras empresas, clientela e empresas provedoras).
- **Incrementar a motivación do persoal** e polo tanto optimizar os RRHH da organización.
- **Mellorar o clima laboral e o compromiso coa empresa.**
- **Credibilidade da RSE.**

As PEMES de **máis de 10 persoas traballadoras**, poderán solicitar o **Programa de axudas para implantar a igualdade laboral**, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), da **Consellería de Economía, Emprego e Industria**.

### POR QUE ELABORALO?



### COMO FACELO?



# RESUMO DA ORDE DE AXUDAS

## ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE

### (TR357C)

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200124/AnuncioG0424-030120-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200124/AnuncioG0424-030120-0002_gl.pdf)

DATA DE PUBLICACIÓN

24 de xaneiro 2020.

DATA DE PRESENTACIÓN

24 de febreiro 2020.

REQUISITOS DAS  
EMPRESAS SOLICITANTES

1. **EMPRESAS** coas seguintes características:
  - **PEMES** ou **persoas traballadoras autónomas**, que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea.
  - **con domicilio social e centro de traballo en Galicia,**
  - **calquera que sexa a súa forma xurídica,**
  - **que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas,**
  - e **deberán contar cun mínimo de 10 persoas traballadoras.**
2. **Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social**

CONTÍA MÁXIMA DAS  
AXUDAS

Ata o 80%.

**Empresas de máis de 20 persoas traballadoras:**

5.000 euros para a diagnose

3.000 euros para elaboración do plan

**Empresas de menos de 20 persoas traballadoras:**

3.000 euros para a diagnose

1.500 euros para elaboración do plan